



Compostela
Cultura

Emocións naturais

Natureza, vida e amor

**REAL FILHARMONÍA
DE GALICIA**

25 Aniversario

TEMPORADA DE ABONO

2020 → 2021

XOVES 20
MAIO 2021

Auditorio de Galicia, 20.30 h

Ciclo de piano Ángel Brage

OUTRAS ESTACIÓNS

Jaume Santonja, director

Sofya Melikyan, piano

PROGRAMA

Camille Saint-Saëns (1835-1921)

Concerto para piano núm. 5 en Fa maior, op. 103 “Exipcio”

Allegro animato

Andante

Molto allegro

Sofya Melikyan, piano

Louis Spohr (1784-1859)

Sinfonía núm. 9 en si menor, op. 143 “As estacións”

O inverno: Allegro maestoso

A primavera: Moderato

O verán: Largo

O outono: L'istesso tempo

Duración aproximada do concerto: 1 hora (sen pausa).

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

25 Aniversario

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Paul Daniel é, dende 2013, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Joana Carneiro a principal directora invitada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG é financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

Director artístico titular

Paul Daniel

Principal directora invitada

Joana Carneiro

Director asociado

Maximino Zumalave

VIOLÍNS I

James Dahlgren
(concertino)
Adriana Winkler
(axuda de concertino)
Anca Smeu **
Ilya Fisher
Michal Ryczel
Claudio Guridi
Daniel Kordubaylo
Anna Alexandrova
Yulia Petrushevskaya
Ildikó Oltai
Victoria Jurov
Christian Casanova ***

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Elina Viksne
Gyula Vadaszi
Irina Gruia
Helena Sengelow

Kiyoko Ohashi
Samira Ajkic
Enrique Roca
Manuel Jesús Muñoz ***
Clara Pedregosa ***

VIOLAS

Tilmann Kircher *
Natalia Madison **
Oxana Bakulina
Ionela Ciobotaru
Timur Sadykov
Anne Schlossmacher
Vicent Máñez ***

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *
Barbara Switalska **
Thomas Piel
Carlos García
Millán Abeledo
Carmen Ramírez ***

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Raquel Miguélez (R)

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *
Luís Soto **
Henrique Medeiros ***

ÓBOES

Christina Dominik *
Esther Viúdez **
Luca Tognon ***

CLARINETES

Beatriz López *
Vicente López **
Bernardino Assunção ***

FAGOTES

Juan Carlos Otero *
Manuel Veiga **
Daniel Solís ***

TROMPAS

Jordi Ortega *
Alfredo Varela *
Xavier Ramón **
Miguel Linares ***

TROMPETAS

Javier Simó *
Ramón Llátser **

TROMBÓNS

Iago Ríos (R)
Arturo Centelles (R)
Brais Molina (R)

TUBA

Miguel Franqueiro (R)

TIMBAL

José Vicente Faus *

* principal | ** copincipal | *** EAEM (Curso Avanzado de Especialización Orquestral) | (R) reforzo

JAUME SANTONJA

DIRECTOR

Director Asociado da Euskadiko Orkestra

Director Asistente da Orquestra Sinfónica da Cidade de Birmingham

Fundador de AbbattiaViva

Jaume Santonja foi nomeado recentemente director asociado da Euskadiko Orkestra (Orquestra de Euskadi) de San Sebastián. Desde 2018 tamén é director asistente da Orquestra Sinfónica da Cidade de Birmingham (CBSO).

Obtivo un grande éxito nos seus debuts coa Orquestra Nacional da BBC de Gales, a Orquestra de RTVE, así como no seu primeiro concerto de suscripción coa Sinfónica da Cidade de Birmingham na celebración da súa temporada do centenario: “A *Sinfonía* núm. 7 de Prokófiev é marabillosamente hábil e enganosamente simple, con matices escuros; como os escritos de Dickens sobre a infancia. Santonja equilibrou a exaltación, os lategazos da percusión e o derradeiro galope aloucado, con patetismo; o seu final tranquilo coa morte como o mecanismo dunha caixa de música,” escribiu a crítica

especializada (Slipped Disc).

Jaume foi seleccionado entre catro novos directores máis prometedores para participar en xuño de 2020 nas clases maxistras exclusivas de Iván Fischer e a Royal Concertgebouw Orchestra de Ámsterdam.

Compromisos recentes e futuros levarano á fronte da Orquestra Sinfónica de Milán LaVerdi, Orquestra y Coro Nacional de Madrid (OCNE), Euskadiko Orkestra (EO), Orquestra Sinfónica de Tenerife, Filarmónica de Málaga, Filharmónica de Holanda Meridional, Sinfónica de Bilkent, Ópera Norte de Leeds, Phion-Orchestra of Gelderland & Overijssel, entre outros.

É o fundador do colectivo musical AbbattiaViva. Santonja ten tido éxito en varios concursos internacionais de Dirección e posúe unha Mestría en Música (Dirección) do Real Conservatorio de Amberes e unha Mestría en Música (Percusión) do Conservatorio de Ámsterdam. Estudou a licenciatura na ESMUC (Escola Superior de Música de

Catalunya).

Como intérprete, Jaume é exsolista de percusión da Orquestra Sinfónica de Amberes e tivo o pracer de colaborar con orquestras de talle mundial como a Royal Concertgebouw Orchestra de Ámsterdam, a Filharmónica de Róterdam, a Sinfónica da Cidade de Birmingham ou a Orquestra Nacional de España, entre outras. Tivo o privilexio de tocar con directores como Mariss Jansons, Daniele Gatti, Yannick Nezet-Seguin, Valery Gergiev, Pierre Boulez, Andris Nelsons, Zubin Mehta, James Levine, Charles Dutoit, Esa-Pekka Salonen...

Como estudante, foi membro da Gustav Mahler Jugendorchester e da Orquestra do Festival Verbier. Jaume ten tamén unha notable actividade como arranxista e orquestrador musical, ademais de compositor de obras de música de cámara (outra das súas paixóns).

SOFYA MELIKYAN

PIANO

Eloxiada pola súa “exquisita sensibilidade artística” (Mundo Clásico), a pianista armenia Sofya Melikyan ten ofrecido concertos en prestixiosas salas de Europa, Asia, Estados Unidos, Australia e Canadá; con recitais no Carnegie Hall, Lincoln Center, American Liszt Society, Kennedy Center, Philip Lorenz Memorial Keyboard Concerts de Fresno, Opera House de Guangzhou, Concert Hall de Bulgaria e Festival Chopin de Luxemburgo. E ten colaborado coa Orquestra Sinfónica Nacional de Armenia, Master Symphony, Orquestra Estatal de Cámara de Armenia, Orquestra Filharmónica Europea, Joven Orquestra Nacional de España, Orquesta de Córdoba, Orquesta Sinfónica de Valencia, Orquesta Filarmónica de Andalucía, Orquesta Sinfónica de RTVE, Orquesta Sinfónica Nacional de Cuba, North Shore Symphony Orchestra de Chicago e a Sinfónica de Vancouver.

Nacida en Yerevan, comezou alí a súa formación na Escola de Música Chaikovski con Anahit Shajbazyan. Continuou os seus estudos no Real Conservatorio Superior de Música de Madrid con Joaquín Soriano, conseguindo o Premio Extraordinario de Honra Fin de Carreira. Posteriormente perfeccionou a súa interpretación con Galina Eguiazarova en Madrid, Ramzi Yassa e Brigitte Engerer en París. Realizou estudos de posgrao na Manhattan School of Music de Nova York baixo a tutela de Solomon Mikowsky.

Apaixonada intérprete de cámara, ten colaborado con Amaury Coeytaux, Gary Hoffman, Torleif Thedéen, Tanja Becker-Bender, Silvia Simionescu, Lise Berthaud, Kim Kashkashian, Karen Ouzounian e Philippe Graffin.

En 2018 publicou dous novos traballos discográficos, que recibiron os mellores eloxios da prensa especializada: *Women*

(Disco de Ouro Melómano, 4* SP Ritmo, 4* Pizzicato...), con obras das compositoras contemporáneas Gubajdulina, Chitchyan, Saariaho e Quiaro (IBS) e finalista aos Premios MIN; e *Spanish Piano Music* (Etcetera Records), dedicado a Granados e Mompou (5* Classica, 10 Klassik Heute, disco recomendado Der Tagesspiegel).

Entre os seus recentes e próximos compromisos destacan recitais no Muziekcentrum de Gante, Sala Flagey de Bruxelas, Festival pPLANISSIMO de Bulgaria, Fresno State Music Hall (California), no Festival de Música Española de Cádiz e en Segovia -cidades nas que ofreceu un intenso programa con 11 estreias de compositoras españolas-, ademais de concertos coa Sinfonía Toronto, Orquesta de RTVE e o seu debut coa Real Filharmonía de Galicia.

Camille Saint-Saëns (1835-1921)

Saint-Saëns adoitaba fuxir dos fríos invernos franceses indo cara lugares máis cálidos, como Alxeria, as Illas Canarias ou Exipto. No inverno de 1895-1896 planeara viaxar á India e Vietnam, pero finalmente acabou regresando a Exipto, onde xa pasara longas tempadas con anterioridade. Foi precisamente no Cairo, neses meses invernaís, onde o compositor francés acabou o seu quinto concerto para piano adicado ao pianista Louis Diémer, quen interpretaría esta peza en diversas ocasións.

O concerto, coñecido como *Exipcio*, é o primeiro no que o compositor incorpora certos exotismos que ata daquela reservara para obras máis breves como *Africa, Op. 89* ou *Suite algérienne, Op. 60*, nas que emprega certas inflexións modais para producir cor. Neste concerto para piano, Saint-Saëns evidencia diversas referencias claras a Exipto, como a emulación do croar das ras do Nilo, unha canción nubia de amor ou o son das hélices dun barco no seu final.

O movemento de apertura, *allegro*, é cálido e sereno; comeza con forma de sonata pero acaba presentando unha estrutura algo máis libre. Mesmo se a partitura amosa unha

gran complexidade técnica, o efecto é unha mestura de simplicidade e encanto, tan característicos deste compositor.

O movemento central, *andante*, está fortemente influenciado polo sol, o clima cálido, o orientalismo, e sobre todo polo seu gusto por viaxar e descubrir. Así, nesta segunda parte a música é lixeira e transparente, transpórtanos ao afastado Oriente nun Fa sostido. Se cadra foron os seus efectos, e non o lugar no que se compuxo, o que provocou que a composición recibise o sobrenome de *Exipcio*.

O final expresa, segundo o propio compositor, a alegría dunha travesía polo mar. O ruído do barco déixase intuír nos primeiros compases. No último movemento, *molto allegro*, Saint-Saëns aúna aqueles trazos que fan identificables as súas obras, o vigor, a elegancia, o virtuosismo e un certo lirismo.

A primeira interpretación deste concerto para piano, posiblemente a máis 'pictórica' das súas composicións, correu a cargo do propio Saint-Saëns, o 2 de xuño de 1896. Ese día, aos seus sesenta anos, o compositor celebrou o nacemento da súa obra xunto co cincuenta aniversario do seu primeiro concerto como pianista.

Louis Spohr (1784-1859)

En 1850 Louis Spohr estaba no cumio da súa carreira, considerado polos seus coetáneos como un dos mellores compositores do momento. É nese ano cando remata a *Sinfonía n.º 9 en si menor*, botando man dun tema recorrente na música: o contraste entre as catro estacións do ano.

A Sinfonía tiña un certo carácter autobiográfico; mentres a súa muller se recuperaba dunha grave enfermidade, unha caída no xeo provocoulle a el unha conmoción que o mantivo convalecente durante varias semanas, tempo que aproveitou para dar forma a unha obra que levaba algún tempo na súa cabeza e que escribiu en canto se recuperou. Sería a súa novena e última sinfonía.

Cunha construción aparentemente inusual e pensada para unha grande orquestra, esta sinfonía presenta dúas grandes seccións con dous movementos cada unha, conectadas a través de transicións. Nela sucédense na súa orde natural o inverno, a primavera, o verán e mais o outono.

O primeiro movemento, *allegro*, comeza no profundo do inverno, parecendo emular as desgracias do propio compositor. Escrito en forma de sonata, o tema está dominado

por acordes poderosos, estalidos que se intercalan con interludios dos instrumentos de vento e *pizzicato* de cordas, rematando nunha coda de certo carácter dramático. O motivo do inverno vai esvaecendo e dando paso ao segundo movemento, *moderato*, no que se comezan a sentir as aves que anuncian a transición cara a primavera.

A sección principal é unha danza adornada con cantos de paxaros que cara o final se van apagando, precisamente como preludeo do verán, *largo*, que abre a segunda sección e ten un carácter apracible e tranquilo, como reflexo da estación estival. Os ventos madeira achegarán o son de tormentas distantes durante a calor. A música elévase nun clímax que logo se irá apagando aos poucos.

Será o movemento final, *allegro vivace*, quen nos esperte coas trompas, coa chamada a retomar o movemento no outono. Un outono festivo, de vendima, que remata cun himno de carácter alegre, moi afastado xa daquela crueza invernal do primeiro movemento.

Esta Sinfonía 9, presentada por primeira vez en Leipzig en outubro de 1850, dá mostra da mestría e instrumentación características de Louis Spohr.

PRÓXIMOS CONCERTOS

Xoves 27 de maio 20.30 h

NATUREZA, VIDA & AMOR

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Paul Daniel, director

Pacho Flores, trompeta

A. Dvorák, Abertura Otelo, op. 93, B. 174 (Amor)

C. Lindberg, Cabalos máxicos para trompeta e orquestra*

A. Dvorák, Abertura de No reino da natureza, op. 91, B. 168
(Natureza)

A. Dvorák, Abertura Carnaval, op. 92, B. 169 (Vida)

* Estrea absoluta

Obra encargo Real Filharmonía de Galicia / Bilkent Symphony
Orchestra (Turquía) / Swedish Chamber Orchestra (Suecia)

C
**Compostela
Cultura**

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 349 (Teatro Principal)

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org

www.compostelacultura.gal



RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura



@rfgalicia
@CCultura

